

Ruta circular, 12,6Km.

Duración 4:30h.

Inicio 10:00h.

Lugar área recreativa Chao do Couso, Trabada.

Avituallamiento intermedio.

Avituallamiento final, 15:00h.

Inscripción 5€.

Fraga de Vilapena, PR-G85.

O sendeiro que rodea e atravesa a **Fraga de Vilapena**, transcorre entre unha gran diversidade de vexetación autóctona. Comezaremos na área do **Chao do Couso**. Iniciamos a camiñada descendendo por un tramo do **PR-G83**, entre piñeiros e eucaliptos ata chegar á parte alta da fraga. Esta primeira parte discorre por unha pista ancha de saburra, que como se cortou madeira non fai moito, xa nos amosa unhas bonitas vistas panorámicas. Ós 4,5Km, iniciamos a subida ata a alto **Pena Gorda**, cunha vista magnífica dos vales e montañas próximas. Toca agora unha baixada pronunciada, ata coller o desvío á esquerda pola variante do PR, que nos introducirá nesta fermosa fraga. Ascendemos por unha pronunciada pendente, pero merece moito a pena. Unha vez dentro gozaremos dunha camiñada pracenteira, por un belo sendeiro, rodeados de carballos, castiñeiros, abeleiras, xardón, érbedo, Pereira silvestre e arandeiras, todo iso cuberto dun manto fermoso de musgo verde, e salpicado por varios arroios, tamén no interior da fraga atoparemos vestixios de antigas carboeiras. Ao terminar esta fraga xiraremos a dereita e colleremos o **PR-G83**, que xa camiñamos ao comezo e así voltaremos o punto de partida, nó **Chao do Couso**. Onde nos espera o avituallamiento final.